

## OS INVESTIGADORES

Neste xogo nos distribuimos en grupos de 4 – 5 alumnos / as. Cada grupo terá un plano do pavillón no que aparecerán marcados, en distinta orde para cada grupo, vinte lugares ( os que aparecen con óvalo no plano ). En cada lugar haberá, pegada con fixo para non tocala nin arrancala, unha pregunta. O grupo tratará de atopar e copiar nun folio tódalas preguntas no menor tempo posible; cando o fagan se sentarán na pista e tratarán de respostalas.

As preguntas poden ser como as seguintes:

- ◆ ¿ Que cantante español participou no último Festival de Eurovisión ?
- ◆ Verdadeiro ou falso: A doncela é unha serpe
- ◆ ¿ Cal é o animal que ten máis dentes ?
- ◆ Escribe o nome de tres tenistas famosos / as
- ◆ ¿ En que lugar de Galicia están os máis famosos encaixes do mundo ?
- ◆ ¿ Que famoso héroe lanzoulle unha frecha a unha mazá que tiña o seu fillo na cabeza ?
- ◆ ¿ Como era o bikini de Eva María ?
- ◆ Verdadeiro ou falso: A Fraga de Cecebre débelle o seu nome ao presidente da Xunta
- ◆ ¿ Cal é o nome dos mosqueteiros máis famosos ?
- ◆ Cita o nome de catro mariscos
- ◆ ¿ Donde están as chaves, matarile, rila, rila ?
- ◆ Escribe o nome de tres superhéroes
- ◆ “ Don Quijote de la Mancha ” é a obra máis famosa de: Miguel de Cervantes, Rubén Darío ou Paco Porras
- ◆ ¿ Que pesa máis: un quilo de ferro ou un quilo de algodón ?
- ◆ ¿ En que país se van a celebrar as olimpíadas do ano 2016 ?
- ◆ ¿ Que animal ten os pés na cabeza ?
- ◆ ¿ Que quere dicir que unha persoa está incontinente ?
- ◆ Cal de estos tres personaxes é un escritor famoso: Coto Matamoros, Albert Luque ou Manuel Rivas
- ◆ Cita o nome de catro personaxes de series de debuxos animados
- ◆ ¿ En que provincia española está a Catedral de Santiago ?

# PLANO DO PAVILLÓN

